

IES Arcebispo Xelmírez II

Irmandiños 15, 15704 Santiago de Compostela

☎ 881867055 📧 ies.arcebispo.xelmirez.2@edu.xunta.gal <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarcebispoxelmirez2/>

IES ARCEBISPO XELMÍREZ II

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

CURSO 2022-2023

(Programación didáctica das materias de 2ºESO, 4ºESO e 2º de bacharelato do Departamento)

1) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

- **O centro.** Páx. 4
- **O alumnado.** Páx. 4
- **O proxecto didáctico.** Páx. 4
- **Composición do departamento e distribución de materias.** Páx. 6

2) COMPETENCIAS CLAVE. Páx. 8

3) OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA Páx. 11

4) VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRADO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. Páx. 14

- a. **HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE 2º ESO.** Páx. 14
- b. **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º ESO.** Páx. 21
- c. **CULTURA CIENTÍFICA 4º ESO.** Páx. 29
- d. **BIOLOXÍA 2º BACHARELATO.** Páx. 38
- e. **CIENCIAS DA TERRA 2º BACHARELATO.** Páx. 47
- f. **XEOLOXÍA 2º BACHARELATO.** Páx. 57

5) METODOLOXÍA DIDÁCTICA. Páx. 78

6) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. Páx. 79

7) AVALIACIÓN. INDICADORES DE LOGRO. Páx. 80

- a. **Avaliación inicial.** Páx. 80

- b. **Avaliación continúa.** Páx. 80
- c. **Criterios para cálculo da cualificación da ESO.** Páx. 81
- d. **Criterios para cálculo da cualificación no Bach.** Páx. 82
- e. **Avaliación extraordinaria do alumnado de bacharelato.** Páx. 84

8) ACTIVIDADES PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES. Páx.85

- Alumnado ESO
- Alumnado de 2º Bacharelato con pendentes de 1º Bacharelato

9) PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS. Páx.86

10) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. Páx. 87

11) CONTIDOS TRANSVERSAIS. Páx. 88

12) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICA E PROCESOS DE MELLORA. Páx. 89

13) PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS. Páx. 93

14) ANEXOS. Páx. 94

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Centro

O IES Arcebispo Xelmírez está situado na zona norte da cidade de Santiago, e xa que logo son os barrios da zona a súa principal zona de influencia. Recibe tamén alumnado da zona rural e, en primeiro curso de bacharelato, tamén de Oroso e de Trazo, procedentes do IES e do CPI respectivamente, así como de outros centros públicos e de centros concertados e privados de Santiago, aos que, en pequeno número, pode sumarse alumnado doutras procedencias.

O alumnado

O perfil do alumnado foi variando nos últimos anos, fundamentalmente no que respecta ao estatus sociocultural das familias de procedencia.

Boa parte do alumnado sitúase nas clases medias e ten aumentado considerablemente o número de proxenitores que posúen formación universitaria e que establece esta meta para a súa descendencia.

Outra parte do alumnado procede de familias con poucos recursos, cunha incidencia alta de desemprego e baixo nivel de estudos, ao hai que engadir o procedente de familias de minorías étnicas (con predominio da etnia xitana) e inmigrantes con escasos recursos. Ademais, nos últimos cursos tivo, pola elevada porcentaxe, un peso importante o alumnado asignado pola comisión de escolarización, de perfil moi variable e cambiante con cada curso, pero moi frecuentemente con necesidades educativas específicas.

Estamos, xa que logo, nun centro de alumnado diverso, con procedencias e expectativas moi diferentes, ás que hai que dar cumprida resposta desde unha adecuada atención á diversidade.

O proxecto didáctico

O proxecto didáctico que se presenta recolle o desenvolvemento curricular das diferentes materias que imparte o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía e as actuacións a realizar ao longo do curso 2022-2023

O proxecto desenvólvese de acordo a:

RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

As materias que imparte o Departamento neste curso 2022-2023 son:

Biología e Xeoloxía de 1º ESO

Promoción de estilos de vida saudable 2ºESO

Biología e Xeoloxía de 3º ESO

Biología e Xeoloxía de 4º ESO

Cultura Científica de 4º ESO

Biología e Xeoloxía de 1º BACHARELATO

Anatomía Aplicada de 1º BACHARELATO

Biología de 2º BACHARELATO

Ciencias da Terra e do Medio Ambiente (CTA) de 2º BACHARELATO

Xeoloxía de 2º BACHARELATO

Os libros de texto recomendados para as materias programadas neste proxecto didáctico son:

1º ESO: Biología e Xeoloxía - Ed. Anaya Operación Mundo, 2022

3º ESO: Biología e Xeoloxía - Ed. Anaya Operación Mundo, 2022

4º ESO: Bioloxía e Xeoloxía. Ed. SM

1º BACHARELATO: Bioloxía e Xeoloxía - Ed. Anaya Operación Mundo, 2022

2º BACHARELATO: Bioloxía e Xeoloxía. Ed. SM

Composición do Departamento e distribución de cursos e grupos

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía do IES Xelmírez II no curso 2022-2023 está composto polo seguinte profesorado :

Juan Quintáns Rial (Xefe do Departamento).

Rosa Quintela Sende (Vicedirectora do IES)

María Dolores Vázquez Froján

Santiago Montero Vilar

Rosa Quintela Sende imparte clases de Xeoloxía 2º de Bacharelato nun grupo e Ciencias da Terra e do Medio Ambiente de 2º de Bacharelato noutro.

Juan Quintáns Rial imparte clases de Bioloxía e Xeoloxía nun grupo de 3º de ESO e en dous grupos de 1º de Bacharelato e de Bioloxía en dous grupos de 2º de Bacharelato

María Dolores Vázquez Froján imparte clases de Bioloxía e Xeoloxía a tres grupos de 1º de ESO e a dous grupos de 4º de ESO, ademais imparte Cultura Científica a un grupo de 4º de ESO e Promoción de Estilo de Vida Saudable a un grupo de 2º de ESO.

Santiago Montero Vilar imparte clases de Bioloxía e Xeoloxía nun grupo de 1º de ESO e en dous grupos de 3º de ESO, ademais imparte Anatomía Aplicada en dous grupos de 1º de Bacharelato e Ciencias da Terra e do Medio Ambiente de 2º de Bacharelato noutro.

María José Savariz Alonso, profesora do Departamento de Tecnoloxía, imparte Bioloxía e Xeoloxía nun grupo de 1º de ESO,

Pretendemos que a nosa acción educativa xire en torno aos seguintes eixos fundamentais:

1 Unha educación en valores que forme as persoas nos valores de respecto, tolerancia, liberdade, igualdade, coeducación e non violencia, buscando unha convivencia que fomente a solidariedade e que evite calquera tipo de discriminación.

2 Unha educación participativa, democrática, plural, integral, que forme cidadáns e cidadás capaces de participar responsablemente na vida social da súa comunidade e que conduza á aceptación e ao respecto de todo tipo de diversidade (cultural, ideolóxica, étnica, de xénero, etc.).

3 Unha educación que valore o coñecemento e a adquisición do saber como una parte fundamental do desenvolvemento persoal, que fomente a curiosidade cultural e científica, que favoreza a reflexión e a análise como estratexia na adquisición do coñecemento. Queremos formar aos alumnos e alumnas non só para habilitalos de cara a unha formación académica ou profesional futura, senón particularmente para o seu desenvolvemento persoal, e para favorecer a súa integración social. Prestarase atención especial ao desenvolvemento afectivo emocional, a autoestima, a capacidade de toma de decisións, o aproveitamento do tempo de lecer, etc.

4 Unha educación que fomente o aprecio e valoración polo contorno e a cultura propia. Será unha prioridade para o centro fomentar o aprecio e valoración da cultura propia e a valoración e uso da lingua galega.

5 Preocupámonos pola conservación e divulgación do patrimonio natural e cultural, tanto material coma inmaterial, promovendo accións no contexto social da zona que sensibilicen a toda a comunidade sobre o seu valor.

6 Garantir o acceso á cultura e ás tecnoloxías da información e a comunicación é unha forma de asegurar as posibilidades formativas futuras para toda a comunidade educativa. O desenvolvemento dos hábitos lectores e o dominio das tecnoloxías da información será unha das nosas prioridades educativas.

Nun mundo globalizado como é o actual, con internet como unha canle esencial de adquisición de coñecementos e a Unión Europea coma espazo común de traballo, o centro considera imprescindible implementar accións conducentes á adquisición dun axeitado nivel de comunicación na lingua inglesa.

7 Un centro educativo aberto á innovación, tanto na promoción e uso das novas tecnoloxías, como no campo metodolóxico, para garantir ao alumnado a mellor formación posible.

8 Un centro educativo que desenvolva un traballo sistemático no campo da orientación e a tutoría, tanto para favorecer o desenvolvemento persoal e a educación en valores, como para

garantir a información, formación e apoio necesarios na elección dos itinerarios formativos ou laborais máis axeitados.

9 Un centro aberto ao contorno, que manteña relacións fluídas de colaboración e apoio mutuo coas institucións públicas e as entidades sociais, culturais, deportivas, etc. que desenvolven a súa actividade na área de influencia do centro.

2. COMPETENCIAS CLAVE

Coñecidos estes aspectos xerais para o deseño e elaboración da programación é necesario establecer as metas a acadar no proceso de ensino aprendizaxe, metas que se materializan a través das Competencias Clave. Saber comunicar, interpretar, deducir, formular, valorar, seleccionar, elixir, decidir, comprometerse, asumir Son algúns dos aspectos que se recollen nas competencias clave. É tan importante como coñecer os contidos tradicionais da materia. É por iso que é preciso traballar con ideas, ser capaces de resolver problemas e tomar decisións en contextos cambiantes, poñendo en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas.

Son sete as competencias clave:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Competencia en comunicación lingüística:

A comunicación, nos ámbitos da comprensión e expresión, tanto oral como escrita, constitúe un eixe fundamental no proceso de ensino e aprendizaxe do coñecemento científico, contribuíndo ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

Nesta área trátase de desenvolver a capacidade de comprensión cando se fan lecturas de textos científicos e o alumnado aprende a diferenciarlos doutros que non son científicos, cando se contrastan materiais escritos e audiovisuais de diferentes fontes, tanto descritivos como

argumentativos, nun proceso que pasa pola identificación dos conceptos e ideas principais, a interpretación do papel que desempeñan segundo o contexto e as relacións que se establecen entre eles.

Na resolución de problemas débese estimular a lectura comprensiva a través da contextualización da situación, da identificación dos conceptos que aparecen e das relacións que se establecen entre os ditos conceptos e os datos. No ensino da área a expresión oral e escrita busca a coherencia e precisión no uso da linguaxe, tanto no nivel descritivo como no interpretativo. Trabállase a expresión cando se emiten hipóteses, contrástanse ideas, acláranse significados sobre conceptos ou procesos científicos en contextos diferentes, realízanse sínteses, elabóranse mapas conceptuais, extráense conclusións, realízanse informes ou organízanse debates onde se fomenten actitudes que favorezan a mellora na expresión oral e escrita, a confianza para expresarse en público, o saber escoitar, o contrastar opinión e ter en conta as ideas dos demais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

O emprego de números, símbolos, operacións e relacións entre eles forman parte da metodoloxía científica e constitúen unha base importante para a comprensión de leis e principios. O coñecemento científico se cuantifica grazas á linguaxe matemática.

Na realización de investigacións sinxelas, traballos prácticos ou resolucións de problemas desenvólvense capacidades para identificar e manexar variables, para organizar e representar datos obtidos de maneira experimental, para a interpretación gráfica das relacións entre eles, para realizar operacións con números e símbolos, para atopar as solucións correctas, para cuantificar as leis e principios científicos e para utilizar estratexias básicas na resolución.

Nas ciencias da natureza emprégase o razoamento matemático como apoio cara a unha mellor comprensión das relacións entre conceptos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía recae de xeito importante sobre esta área na cal o alumnado aprende os conceptos básicos que lle permitan a análise, desde diferentes eidos do coñecemento científico, da materia, dos seres vivos, dos fenómenos naturais, das súas transformacións, dos seus efectos sobre o ambiente e a saúde, dos cambios e dos obxectos tecnolóxicos.

Competencia dixital:

Trabállanse habilidades para identificar, contextualizar, relacionar e sintetizar a información procedente de diferentes fontes e presentada en diversas linguaxes propias das tecnoloxías da información e comunicación, como os buscadores pola internet, documentos dixitais, foros, chats,

mensaxaría, xornais dixitais, revistas divulgativas na web, presentación electrónica e simulacións interactivas. Cando se traballa a crítica reflexiva sobre as informacións de tipo científico que achegan as tecnoloxías da información e a comunicación, foméntanse actitudes favorables ao emprego delas evitando o seu emprego indiscriminado. Cando se apoia a aprendizaxe de modelos teóricos por medio de simulacións, cando se traballan representacións de datos por medio de programas informáticos, cando se realizan experiencias virtuais para contrastalas coas reais, cando se representan estruturas moleculares, atómicas, anatómicas, xeolóxicas, situación problemáticas coa axuda dos ordenadores, desde a área estase a contribuír á competencia dixital.

Competencia de aprender a aprender:

Desde os ámbitos científico e tecnolóxico, nun mundo en continuo e acelerado cambio, implica espertar inquedanzas e motivacións cara á aprendizaxe permanente. Cando afloran as ideas previas do alumnado sobre os contidos científicos, favorécese esta competencia xa que se está a promover que as alumnas e os alumnos sexan conscientes dos seus propios coñecementos e limitacións. Pódese empregar a historia da ciencia para que os estudantes non caian no desánimo de estar case sempre errados nas súas concepcións, cando ata os máis grandes científicos experimentaron erros e resistencias ás novas ideas.

Competencia social e cívica:

Esta área trata de dotar o alumnado das habilidades necesarias para comprender a problemática actual en relación coa súa persoa, co resto da sociedade e co planeta. A aproximación do currículo á situación concreta na cal se vive facilita a participación activa do alumnado en actividades que impliquen esa cidadanía responsable. As ciencias da natureza contribúen a coñecer e aceptar o funcionamento do corpo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e ser críticos cos hábitos sociais pouco saudables e a contribuír á conservación e mellora do ambiente. Os debates históricos sobre as diferentes concepcións dos fenómenos que afectan as persoas serven para traballar habilidades sociais relacionadas coa participación, cooperación e poñerse en lugar dos outros, aceptar diferenzas, respectar os valores, crenzas e incluso a diversidade de culturas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

Desenvólvese coa aplicación dun conxunto de valores e actitudes personais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de

afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos. Especialmente trabállase á hora de elaborar proxectos, tanto individuais como colectivos, na capacidade de elixir e desenvolver plans persoais, transformando as ideas en accións. En síntese, a autonomía e a iniciativa persoal trabállase ao imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

Conciencia e expresións culturais:

Na expresión das ideas, conceptos e principios das ciencias da natureza empréganse, de xeito creativo, diferentes códigos artísticos para representar fenómenos ou situacións dun xeito comprensible. Desde a área de ciencias contribúese a desenvolver esta competencia cando se promove a presentación das ideas ou traballos en formatos diversos, onde se lles deixa ás alumnas e aos alumnos a liberdade de elixir os ditos formatos estéticos e artísticos, cando se utilizan os museos de ciencias para espallar os xeitos de pensar ou facer doutras culturas, ou nas exposicións relacionadas co ámbito científico, como medio de coñecer, comprender e desfrutar do coñecemento científico.

3. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

Xunto coas competencias, outra das metas ou logros acadar son os obxectivos de etapa, e expresan as intencións educativas que se deben perseguir, é dicir, onde debe chegar o alumnado. Estes establécense no artigo 26 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

Os obxectivos da ESO son:

- a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades ente eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender-aprender, planificar, tomar decisións e asumir as responsabilidades.
- h. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i. Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.
- j. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- k. Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo a súa conservación e mellora.
- l. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural e histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n. Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Así mesmo o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida
- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

AS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS DAS MATERIAS DO DEPARTAMENTO DE 1ºESO, 3ºESO E 1º DE BACHARELATO PODEN CONSULTARSE NA APLICACIÓN INFORMÁTICA PROENS (<https://www.edu.xunta.gal/proens>).

4. UNIDADES DIDÁCTICAS: VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E PROCEDEMENTOS DE CUALIFICACIÓN.

a. PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES. 2º ESO

Na sociedade actual a mellora da esperanza de vida vese ameazada debido á adquisición e o mantemento de estilos de vida prexudiciais para a saúde.. A adquisición de hábitos de vida prexudiciais para a saúde, como a inactividade ou a dieta desequilibrada, está a conseguir que se incrementen os índices de obesidade e de sedentarismo ata niveis alarmantes, xa desde idades moi temperás, así como as doenzas derivadas diso e, como consecuencia, a morte prematura.

O currículo de Promoción de Estilos de Vida Saudables ten como finalidade abordar a prevención dos efectos negativos da inactividade física e da dieta desequilibrada, tratando de proporcionarlle ao alumnado unha serie de competencias que lle permitan, desde a práctica, adquirir e instaurar un estilo de vida saudable e que este se manteña no tempo.

Avaliación	Unidade	Sesións
PRIMEIRA	Unidade 1. Chequea a tua saúde!	5
	Unidade 2. Preparados, listos..... xa!	5
SEGUNDA	Unidade 3. Hoxe para comer temos....	5
	Unidade 4. Móve-T	6
TERCEIRA	Unidade 5. Enchendo o depósito	3
	Unidade 6. Menú do día	3
	Unidade 7. Mercado	2

PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES (EDUCACIÓN PARA A SAÚDE) 2º DE ESO

bx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grado mínimo de consecución	C.C	U.D	Nº sesións	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Actividade física e saúde								
m	1.1. Actividade física como hábito de vida saudable: como, cando, onde, canta e por que.	1.1. Coñecer a relación entre a práctica regular de actividade física e a saúde.	EVSB1.1.1. Coñece os beneficios para a saúde da práctica regular de actividade física, así como os efectos adversos da inactividade.	Identifica hábitos beneficiosos para a saúde e diferéncias daqueles adversos	MCCT	U.D 1		Avaliación de produtos do alumno
			EVSB1.1.2. Identifica os principais parámetros de saúde axeitados para a súa idade, e relaciona a actividade física idónea para a súa mellora.	Recoñece valores axeitados dos principais parámetros de saúde para a súa idade e relaciónaos coa actividade física.	MCCT			

PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES (EDUCACIÓN PARA A SAÚDE) 2º DE ESO

bx.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grado mínimo de consecución	C.C	U.D	Nº sesións	Procedementos e instrumentos de avaliación
c e m	1.2. Avaliación e análise da postura, da composición corporal e da actividade física saudable realizada.	1.2. Avaliar a postura, a composición corporal, a actividade física desenvolvida e a inactividade, aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías.	EVSB1.2.1. Coñece e avalía a súa postura, a composición corporal (talla, peso, IMC, etc.), a actividade e inactividade física diaria, a tensión arterial, etc., aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías.	exista e interpreta datos obxectivos do seu estado físico (talla, peso, IMC, etc), tensión arterial e hixiene postural.	MCCT CAA		.5	
			EVSB1.2.2. Elabora, analiza e avalía un diario da súa actividade física desenvolvida durante un período de tempo acordado.	exista e analiza a súa actividade física durante parte do primeiro trimestre.	MCCT		.5	
l m	1.3. Plans e estratexias para o incremento da actividade física diaria e para a redución dos períodos de inactividade.	1.3. Aplicar un plan para o incremento da actividade física saudable ao longo do día, utilizando os recursos dispoñibles no contorno.	EVSB1.3.1. Elabora un plan para o incremento da súa actividade física diaria, reducindo os tempos de inactividade (televisión, teléfono móbil, etc.) e os desprazamentos con motor, e comprométese a pólo en práctica durante un período de tempo acordado de xeito individual ou en grupo.	deseña un plan de incremento da actividade física e redución da inactividade	MCCT CAA CSC	U.D 2		
			EVSB1.3.2. Localiza e utiliza os recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física saudable.	ocaliza os principais recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física	MCCT CD CAA			
			EVSB1.3.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, vigorexia, dopaxe, etc.).	on en práctica estratexias para evitar hábitos tóxicos relacionados coa actividade física	SC			
l	1.4. Organización e promoción da práctica de actividade física diaria.	1.4. Diseñar, organizar e difundir actividades para fomentar o incremento da práctica de actividade física diaria.	EVSB1.4.1. Diseña, utiliza e difunde un plan de mobilidade peonil e/ou en bicicleta no seu contorno e/ou a súa localidade.	deseña unha ruta de sendeirismo ou de paseo en	D CAA		.5	

PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES (EDUCACIÓN PARA A SAÚDE) 2º DE ESO

bx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grado mínimo de consecución	C.C	U.D	Nº sesións	Procedementos e instrumentos de avaliación
				icicleta na localidade.		U.D 4		
			EVSB1.4.2. Diseña, utiliza e difunde unha guía para o incremento da actividade física na vida cotiá.	diseña carteis para o fomento da actividade física na vida cotiá.	D CAA		.5	
			EVSB1.4.3. Organiza, nun medio tanto natural como urbano, actividades para a difusión, o fomento e a práctica de actividade física saudable en grupo (familia, grupo clase, centro, amizades, etc.).	organiza actividades para a difusión, fomento e a práctica da actividade física.	MCCT CAA CSC CSIEE			
Bloque 2. Alimentación para a saúde								
n	2.1. Alimentación como hábito de vida saudable. Beneficios e riscos para a saúde derivados da dieta. Modelos de dieta atlántica e	2.1. Valorar a alimentación como un hábito de vida saudable e as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, o sexo e a actividade física diaria.	EVSB2.1.1. Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxestión desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc.	diferencia hábitos alimenticios saudables daqueles que poden poñer en risco a saúde.	CMCCT			

PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES (EDUCACIÓN PARA A SAÚDE) 2º DEESO

bx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grado mínimo de consecución	C.C	U.D	Nº sesións	Procedementos e instrumentos de avaliación
	editerránea como patróns alimentarios saudables.		EVSB2.1.2. Identifica os alimentos e as recomendacións que propoñen os modelos de dieta atlántica e mediterránea, e os seus beneficios.	Identifica as características máis destacables das dietas atlántica e mediterránea.	MCCT CAA			
m	2.2. Inxestión alimentaria e hidratación segundo as recomendacións saudables máis adecuadas á súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.	2.2. Analizar e avaliar de xeito sinxelo a inxestión habitual e a hidratación, e coñecer as recomendacións de inxestión máis adecuadas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria.	EVSB2.2.1. Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxestión durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.	Rexistra e analiza a súa dieta e avalía a súa idoneidade.	MCCT CAA	U.D 3		
			EVSB2.2.2. Coñece as recomendacións de inxestión alimentaria e hidratación adecuadas á súa idade, ao seu sexo e ao seu nivel de actividade física diaria.	Identifica as necesidades de inxesta alimentaria adecuadas as súas características persoais.	MCCT		U.D 5	
			EVSB2.2.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación (anorexia, drogas, alcohol, tabaco, etc.).	Con en práctica estratexias para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación.	SC			
l m	2.3. Deseño de propostas dietéticas sinxelas. Estratexias para a incorporación das recomendacións de alimentación e hidratación como hábito de vida saudable.	2.3. Deseñar, utilizar e difundir estratexias para a adquisición de hábitos de alimentación e hidratación saudables.	EVSB2.3.1. Deseña, utiliza e difunde unha guía para aplicar as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, ao sexo e á actividade física diaria, e comprométese a aplicala durante un período de tempo acordado.	Deseña unha guía con recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas a idade, ao sexo e á actividade diaria.	MCCT CD CAA	U.D 6		
		2.4. Deseñar dietas sinxelas, aplicando as recomendacións segundo idade, sexo e actividade física diaria durante un período de tempo acordado.	EVSB2.4.1. Deseña e elabora unha proposta de almorzos e merendas saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade, o seu sexo e o seu nivel de actividade física, e comprométese a desenvolvela durante un período de tempo acordado.	Deseña unha proposta de almorzos e merendas saudables atendendo ás súas necesidades enerxéticas.	MCCT CAA CSIEE			

PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES (EDUCACIÓN PARA A SAÚDE) 2º DE ESO

bx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grado mínimo de consecución	C.C	U.D	Nº sesións	Procedementos e instrumentos de avaliación
m	2.4. Estratexias para a selección de alimentos e bebidas, que permitan o cumprimento das recomendacións. Etiquetaxe nutricional dos alimentos e das bebidas.	2.5. Facer unha escolla axeitada de alimentos e de bebidas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria, valorando criticamente as indicacións da etiquetaxe dos produtos.	EVS2.5.1. Elabora unha lista da compra semanal, respectando as recomendacións dietéticas segundo a idade, o sexo e a actividade física diaria.	Elabora una lista da compra semanal que cubra as necesidades enerxéticas desde unha perspectiva saudable.	MCCT CAA	U.D 7		
			EVS2.5.2. Interpreta correctamente e de xeito básico a etiquetaxe nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendados para a súa saúde.	Interpreta a etiquetaxe nutricional dos alimentos identificando os valores recomendados para a súa saúde en características básicas.	MCCT CAA			

b. **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4ºESO**

A Bioloxía e Xeoloxía ao longo da educación secundaria obrigatoria debe contribuír a que o alumnado desenvolva as competencias clave e, nomeadamente, a competencia científica, ademais de contribuír a mellorar a autoestima, superar prexuízos, respectar diferenzas e participar na toma de decisións democráticas. En 4º ESO debe servir en particular para que o alumnado se inicie no coñecemento das grandes teorías que permitiron o desenvolvemento actual da Bioloxía e a Xeoloxía e para que avance no estudo da dinámica dos ecosistemas e na incidencia neles do factor humano.

Avaliación	Unidade	Sesións
PRIMEIRA	UNIDADE 6: Coñecer a Terra e descubrir o seu pasado	7
	UNIDADE 7: A tectónica de placas	3
	UNIDADE 8: Manifestacións da tectónica de placas	7
	UNIDADE 9: Historia da Terra e da vida	8
SEGUNDA	UNIDADE 1: A célula unidade de vida	7
	UNIDADE 2: Os caracteres e a súa herdanza	7
	UNIDADE 3: As leis da herdanza	8
	UNIDADE 4: Os xenes e a súa manipulación	7
	UNIDADE 5. A evolución dos seres vivos	
TERCEIRA	UNIDADE 10: A especie e o medio	7
	UNIDAD 11: A comunidade e o ecosistema	8
	UNIDADE 12: As actividades humanas e o medio ambiente	6
	PROXECTO DE INVESTIGACIÓN FINAL	7

Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A evolución da vida				
f h	B1.1. Célula procariota e célula eucariota: relacións evolutivas. Célula animal e célula vexetal: morfoloxía e función.	B1.1. Determinar as analogías e as diferenzas na estrutura das células procariotas e eucariotas, e interpretar as relacións evolutivas entre elas.	BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.	CAA CMCCT
			BXB1.1.2. Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.	CD CAA
f g	B1.2. Núcleo e ciclo celular.	B1.2. Identificar o núcleo celular e a súa organización segundo as fases do ciclo celular, a través da observación directa ou indirecta.	BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.	CCL CAA
g f	B1.3. Cromatina e cromosomas. Cariotipo.	B1.3. Comparar a estrutura dos cromosomas e da cromatina.	BXB1.3.1. Recoñece as partes dun cromosoma utilizando para construír un cariotipo.	CMCCT
g f h	B1.4. Mitose e meiose: principais procesos, importancia e significado biolóxico.	B1.4. Formular e identificar os principais procesos que teñen lugar na mitose e na meiose, e revisar o seu significado e a súa importancia biolóxica.	BXB1.4.1. Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.	CMCCT CAA
g f h	B1.5. Ácidos nucleicos: ADN e ARN.	B1.5. Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos, e relacionalos coa súa función.	BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.	CAA CSIEE
g h	B1.6. ADN e xenética molecular. Proceso de replicación do ADN. Concepto de xene.	B1.6. Relacionar a replicación do ADN coa conservación da información xenética.	BXB1.6.1. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.	CAA
g b	B1.7. Expresión da información xenética. Código xenético.	B1.7. Comprender e ilustrar como se expresa a información xenética, utilizando o código xenético e resolvendo problemas en xelos.	BXB1.7.1. Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.	CAA CSIEE
b a	B1.8. Mutacións. Relacións coevolución.	B1.8. Valorar e recoñecer o papel das mutacións na diversidade xenética, e comprender a relación entre mutación e evolución.	BXB1.8.1. Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.	CMCCT CAA
f	B1.9. Herdanza e transmisión de caracteres. Intro-	B1.9. Formular os principios da xenética mendeliana, apli-	BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética	CMCCT

Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g h	dución e desenvolvemento das leis de Mendel. B1.10. Base cromosómica da herdanza mendeli- ana. B1.11. Aplicacións das leis deMendel.	cando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos, e recoñecer a base cromosómica das leis de Mendel.	mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamen- tos con un ou dous caracteres.	CAA CCEC
g	B1.12. Herdanza do sexo e herdanza ligada ao sexo.	B1.10. Diferenciar a herdanza do sexo e a ligada ao sexo, e establecer a relación entreelas.	BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a her- danza do sexo e a ligada aosexo.	CAA CSIEE
a c g m	B1.13. Doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcancesocial.	B1.11. Coñecer e identificar algunhas doenzas heredita- rias, a súa prevención e o seu alcancesocial.	BXB1.11.1. Identifica as doenzas hereditarias máis fre- cuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.	CMCCT CSC
f	B1.14. Técnicas da enxeñaría xenética.	B1.12. Identificar as técnicas da enxeñaría xenética: ADN recombinante ePCR.	BXB1.12.1. Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética.	CMCCT CSIEE
g h m	B1.15. Aplicacións da enxeñaría xenética. Biotec- noloxía. Bioética.	B1.13. Comprender e describir o proceso daclonación.	BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica ereproductiva.	CSC CSIEE CAA
a c g	B1.15. Aplicacións da enxeñaría xenética. Biotec- noloxía. Bioética.	B1.14. Recoñecer as aplicacións da enxeñaría xenética: organismos modificados xeneticamente (OMX).	BXB1.14.1. Analiza as implicacións éticas, sociais e am- bientais da enxeñaría xenética.	CSC CSIEE
a c d	B1.15. Aplicacións da enxeñaría xenética. Biotec- noloxía. Bioética.	B1.15. Valorar e interpretar as aplicacións da tecnoloxía do ADN recombinante na agricultura, na gandaría, no am- biente e na saúde.	BXB1.15.1. Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo dabioteconoloxía.	CSC
a c g h	B1.16. Orixe e evolución dos seres vivos. Hipóte- ses sobre a orixe da vida naTerra. B1.17. Teorías da evolución. Feito e mecanismos da evolución.	B1.16. Coñecer e describir as hipóteses sobre a orixe da vida e as probas da evolución. Comparar lamarckismo, darwinismo eneodarwinismo.	BXB1.16.1. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo eneodarwinismo.	CMCCT CAA
g	B1.16. Orixe e evolución dos seres vivos. Hipóte- ses sobre a orixe da vida naTerra.	B1.17. Comprender e establecer os mecanismos da evolu- ción destacando a importancia da mutación e aselección.	BXB1.17.1. Establece a relación entrevariabilidade	CAA

Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h	B1.17. Teorías da evolución. Feito e mecanismos da evolución.	Analizar o debate entre gradualismo, saltacionismo e neutralismo.	xenética, adaptación e selección natural.	
g	B1.18. As árbores filoxenéticas no proceso de evolución.	B1.18. Interpretar árbores filoxenéticas, incluíndo a humana.	BXB1.18.1. Interpreta árbores filoxenéticas.	CAA
g h b	B1.19. Evolución humana: proceso de hominización.	B1.19. Describir a hominización.	BXB1.19.1. Recoñece e describe as fases da hominización.	CMCCT CCL
Bloque 2. A dinámica da Terra				
f g h	B2.1. Historia da Terra. Orixe da Terra. Tempo xeolóxico: ideas históricas sobre a idade da Terra. Principios e procedementos que permiten reconstruír a súa historia. Utilización do actualismo como método de interpretación.	B2.1. Recoñecer, compilar e contrastar feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante.	BXB2.1.1. Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade.	CAA
g	B2.1. Historia da Terra. Orixe da Terra. Tempo xeolóxico: ideas históricas sobre a idade da Terra. Principios e procedementos que permiten reconstruír a súa historia. Utilización do actualismo como método de interpretación.	B2.2. Rexistrar e reconstruír algúns dos cambios máis notables da historia da Terra, e asocialos coa súa situación actual.	BXB2.2.1. Reconstrúe algúns cambios notables na Terra, mediante a utilización de modelos temporais a escala e recoñecendo as unidades temporais na historia xeolóxica.	CAA CSIEE
g h	B2.2. Eóns, eras xeolóxicas e períodos xeolóxicos: situación dos acontecementos xeolóxicos e biolóxicos importantes.	B2.3. Categorizar e integrar os procesos xeolóxicos máis importantes da historia da Terra.	BXB2.3.1. Discrimina os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra, e recoñece algúns animais e plantas característicos de cada era.	CMCCT
f	B2.3. Os fósiles guía e o seu emprego para a datación e o estudo de procesos xeolóxicos.	B2.4. Recoñecer e datar eóns, eras e períodos xeolóxicos, utilizando o coñecemento dos fósiles guía.	BXB2.4.1. Relaciona algún dos fósiles guía máis característicos coa súa era xeolóxica.	CAA
e f	B2.4. Interpretación de mapas topográficos e realización de perfís topográficos. Interpretación e datación de procesos representados en cortes xeolóxicos.	B2.5. Interpretar cortes xeolóxicos sinxelos e perfís topográficos como procedemento para o estudo dunha zona ou dun terreo.	BXB2.5.1. Interpreta un mapa topográfico e fai perfís topográficos..	CMCCT CCL
			BXB2.5.2. Resolve problemas sinxelos de datación relativa, aplicando os principios de superposición de estratos, superposición de procesos e correlación.	CMCCT

Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g	B2.5. Estrutura e composición da Terra. Modelos xeodinámico exeoquímico.	B2.6. Comprender e comparar os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	BXB2.6.1. Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	CAA
g f	B2.5. Estrutura e composición da Terra. Modelos xeodinámico exeoquímico. B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas.	B2.7. Combinar o modelo dinámico da estrutura interna da Terra coa teoría da tectónica de placas.	BXB2.7.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.	CAA CSIEE
g	B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas.	B2.8. Recoñecer as evidencias da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.	BXB2.8.1. Expressa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.	CAA
g	B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas.	B2.9. Interpretar algúns fenómenos xeolóxicos asociados ao movemento da litosfera e relacionalos coa súa situación en mapas terrestres. Comprender os fenómenos naturais producidos nos contactos das placas.	BXB2.9.1. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.	CAA CMCCT
			BXB2.9.2. Interpreta as consecuencias dos movementos das placas de relevo.	CAA
g h	B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas.	B2.10. Explicar a orixe das cordilleiras, os arcos de illas e os oróxenos térmicos.	BXB2.10.1. Identifica as causas dos principais relevos terrestres.	CMCCT
g	B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas.	B2.11. Contrastar os tipos de placas litosféricas e asociarlles movementos e consecuencias.	BXB2.11.1. Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos.	CAA CCL
g b	B2.7. Evolución do relevo como resultado da interacción da dinámica externa e interna.	B2.12. Analizar que o relevo, na súa orixe e na súa evolución, é resultado da interacción entre os procesos xeolóxicos internos e externos.	BXB2.12.1. Interpreta a evolución do relevo baixo a influencia da dinámica externa e interna.	CAA
Bloque 3. Ecoloxía e medio ambiente				
f h	B3.1. Compoñentes e estrutura do ecosistema: comunidade e biótomo. Hábitat e nicho ecolóxico.	B3.1. Explicar os conceptos de ecosistema, biótomo, poboación, comunidade, ecotón, hábitat e nicho ecolóxico.	BXB3.1.1. Identifica o concepto de ecosistema e distingue os seus compoñentes.	CMCCT
A educación concíbese como un proceso construtivo no que a actitude que manteñen profesores e alumnos permite a aprendizaxe de forma significativa. Os alumnos convértense en motor do seu proceso de aprendizaxe ao modificar eles mesmos os seus esquemas de coñecemento. O profesor exerce o papel de guía o poñer en contacto os coñecementos e as experiencias previas dos alumnos cos novos contidos.

Co criterio de seguir un ensino no que o alumno aprenda a coñecerse mellor, adoptaremos o lema de que o alumno aprenda a aprender, mediante o ensino activo, no cal deba mobilizar as súas capacidades de percepción cognitivas, de toma de decisións e execucións, etc. Debemos tender a conceder responsabilidade ao alumno, deixándolle que tome decisións acorde coa súa maduración e desenvolvemento.

Na práctica pode comprobarse que non hai un método de ensino único, nin existe tampouco unha xerarquía de estilos. Nunha mesma sesión podemos utilizar un ou varios estilos á vez en función dos contidos a impartir, as características do alumnado ou as circunstancias do momento.

Dentro da metodoloxía baseada no construtivismo, realizarase a que se derive da aplicación dos métodos dedutivos e indutivos, fixándonos máis no proceso que no resultado, aínda que sen menosprezar ningún.

Seguindo as directrices que nos marca a aprendizaxe significativa utilizaremos os diferentes estilos baseados na procura e resolución de problemas; nas sesións de máis dificultade ou risco non deixaremos de lado estilos directivos como a instrución directa.

A metodoloxía en xeral estará deseñada de tal forma que o alumno reflexione máis sobre o porqué e para que das actividades que realiza, logrando un maior autocoñecemento e autoafirmación de se mesmo.

Para lograr estes obxectivos nos traballos de moitos temas buscarase un papel protagonista do alumnado de forma que guiado polo profesor sexan eles os que busquen a información a partir de fontes bibliográficas e internet. Para certos aspectos do currículo os temas trataranse mediante a realización de traballos prácticos.

Por último para completar o proceso de ensino- aprendizaxe usarase en certas materias a aula virtual do centro para aportar materiais, realización de test e mantemento de foros algúns obrigatorios e outros voluntarios.

Esta diversidade de metodoloxía ten como finalidade abordar non so os contidos propios da materia, senón ademais poder acadar unha adecuada consecución dos estándares de aprendizaxe e competencias clave, podendo valorar así os distintos aspectos do proceso de ensino mediante a valoración destas distintas estratexias metodolóxicas

Por todo iso levaranse a cabo diferentes actividades:

- **Actividades de introdución**, para poñer en evidencia as concepcións e os coñecementos previos do alumnado e para a motivación cara métodos e contidos específicos.

- **Actividades de desenvolvemento**, con exposicións interactivas, traballo individual e /ou en pequeno grupo, postas en común ou debate e conclusións no grupo aula. O/a alumno/a ha de ser protagonista da súa propia aprendizaxe e o papel do profesorado será o de ensinalle a aprender. Aprender a ver no contorno as formas e os materiais xeolóxicos, a flora, a fauna, os impactos ambientais -, aprender a buscar e seleccionar información, aprender a comprender e a usar vocabulario científico, aprender a traballar no laboratorio, a resolver problemas, a expoñer e defender conclusións,...
- **Actividades de síntese, recapitulación, relación, reflexión e/ou opinión.**
- **Actividades de reforzo ou ampliación**, segundo o grao de adquisición de coñecementos e competencias.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Procurarase a utilización de variedade de materiais e recursos didácticos, adaptados, en todo caso, ás características do alumnado e aos contidos de cada curso.

Empregaranse, entre outros:

- Material de laboratorio, incluíndo instrumentos ópticos (microscopios, lupas binoculares...), material para recollida de mostras, fósiles, rochas, minerais,...
- Material do contorno: fragmentos de rochas, flores, madeiras, sementes, froitos,...
- Modelos tridimensionais.
- Carteis, folletos, fichas, ...
- Materiais elaborados polo profesorado ou polo alumnado en cartolina, plastilina, ... Este curso procurarase facer pouca manipulación de materiais.
- Prensa, revistas, libros, artigos de divulgación científica,....
- Libro de texto e material bibliográfico e multimedia da biblioteca do centro.
- Materiais audiovisuais (CDs, DVDs, internet, canón dixital para proxeccións).

7. AVALIACIÓN. INDICADORES DE LOGRO.

A avaliación deberá ter dúas funcións básicas: a de comprobación da eficacia das estratexias metodolóxicas e, de cara a cada alumno/a, proporcionarlle unha información que lle axude a progresar na aprendizaxe, e lle indique o estado no que se atopa nese proceso.

Farase unha avaliación continua mediante a utilización de recursos que permita valorar o progreso do alumnado da aula e de cada alumno/a na aprendizaxe de contidos e no grado de adquisición das competencias básicas.

a. Avaliación Inicial

Para realizar a avaliación inicial do alumnado procederase do seguinte xeito:

- Realización a principio de curso dunha proba, si a situación o permite, sobre os contidos mínimos do curso anterior
- Seguimento do alumno/a durante o primeiro mes de curso
- Antecedentes de cursos anteriores nas materias do departamento

Esta avaliación inicial servirá, sobre todo, para detectar alumnado con necesidades específicas e, consecuentemente, determinar as medidas de apoio ou reforzo necesarias para que poda superar os mínimos esixidos no curso de que se trate e, se fose o caso de recuperación de materias pendentes. A reunión de avaliación, na que tamén participa o departamento de orientación e se inclúe análise da etapa ou do curso anterior e a información do profesorado titor, é un importante punto de referencia para diagnosticar a situación de partida e seguir o camiño da mellor solución posible cos recursos dispoñibles. Na avaliación inicial adóptanse colectivamente as medidas individuais e colectivas que se consideran necesarias e/ou acaídas e adáptanse a materia do Departamento.

b. Avaliación continua

– Instrumentos e procedementos de avaliación na ESO:

Considerando a avaliación como un procesos continuo e integral que informa sobre a marcha da aprendizaxe, é importante o maior número de datos ao longo das diferentes unidades didácticas. Por iso, poderán empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- Probas escritas
- Recollida de información sobre o traballo de clase e/ou traballo de laboratorio
- Proxecto de investigación grupal e/ou individual.

Probas escritas:

As cuestións incluídas nestas poden ser de varios tipos: de complementación (útiles para explicar aprendizaxes simples, xa que inclúe preguntas que deben contestarse cunha palabra, cun número ou cunha frase), de verdadeiro/falso, de pareo (caracterizadas por preguntas que

inclúen dúas columnas para que sexan relacionadas), de resposta breve (útil para avaliar feito, conceptos ou principios), de selección (caracterizada por pregunta que inclúen frases seguidas de varias opción entre as que se selecciona a correcta), e de xerarquización (serven para evidenciar a capacidade de observación, reflexión e asimilación do estudante e inclúe preguntas con varias proposicións que o estudante deberá ordenar cronolóxica ou lóxicamente)....

Atenderá aos distintos estándares previstos e a puntuación de cada parte da proba será coñecida polo alumnado.

Traballo de clase e/ou, se é o caso de laboratorio:

Valoraranse os seguintes aspectos:

- Presentación e limpeza na presentación das tarefas
- Organización
- Contidos
- Corrección de erros

Proxecto de investigación grupal e /ou traballo

- Organización.
- Adecuación dos contidos
- Reparto da cantidade de traballo
- Presentación e exposición

Nos traballos en grupo aínda que exista unha valoración final do traballo, a nota dos distintos integrantes poderá variar segundo o seu grao de implicación, participación e interese amosado.

c. Criterios para o cálculo da cualificación na ESO

Estableceranse as seguintes directrices:

- Existiran **tres avaliacións** ao longo do curso.
- A suba de nota en número enteiro farase a partir do decimal 0,75
- Unha vez rematada a avaliación, farase un exame ou proba de recuperación para os alumnos que non acadaran a nota de suficiente.
- A nota final na avaliación ordinaria de xuño virá dada pola media ponderada das cualificacións obtidas nas **tres avaliacións** realizadas ao longo do curso, sempre e cando os valores delas sexan iguais ou superiores a 3. No caso de que a media sexa inferior a 5 consideraremos a avaliación de xuño suspensa.

A cualificación obtida en cada avaliación será calculada tendo en conta os seguintes puntos de ponderación:

- Probas escritas: realizarase como mínimo dúas probas escritas por avaliación que serán valoradas cunha puntuación comprendida entre 0 e 10 puntos. A nota deste aparato será a media obtida nas distintas probas, non facéndose media se a nota dalgunha destas probas é inferior a 3 puntos. Valor da ponderación: 70 % en 1º e 2º da ESO e 70 % en 3º e 4º de ESO
- Traballo de clase e/ou laboratorio: 20 % de acordo os criterios establecidos nos instrumentos e procedementos de avaliación para 2º da ESO e 15% en 4º de ESO
- Proxecto de investigación: nel valoráanse os aspectos indicados no apartado instrumentos e procedementos de avaliación. Valor de ponderación 10% en 2º da ESO e 15% en 4º da ESO. No caso de non existir nunha avaliación, este apartado incluírase no de probas escritas que pasará a ter un valor dun 70% ou 80% en función do curso do que esteamos a falar.

A non asistencia a probas a algunha das probas escritas, así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas nos cadernos de clase e laboratorio, traballos e proxecto grupal, debe ser xustificada mediante un xustificante médico ou similar de carácter oficial ou se é o caso, mediante xustificación debidamente razoada e firmada polo/a pai/nai ou titor/a legal. A falta inxustificada a unha proba escrita fará que na mesma o/a alumno/a reciba unha cualificación de 0. A non entrega e/ou exposición debidamente xustificada do caderno de clase, caderno de laboratorio, traballo, proxecto grupal nas datas establecidas fará que no apartado correspondente recibe unha cualificación de 0.

Unha conduta de engano e suplantación de coñecemento, por calquera medio, durante unha proba escrita, na realización de clase, na realización de traballos, caderno de laboratorio ou proxecto grupal suporá a cualificación inmediata de 0 no apartado correspondente.

d. Instrumentos e procedementos de avaliación en 2º Bacharelato

- Probas escritas
- Produtos do alumnado: tarefas, actividades de aula o, e/ou traballos, boletíns de actividades e/ou cuestionarios.

Probas escritas

Atenderá aos distintos estándares previstos e a puntuación de cada parte da proba será coñecida polo alumnado.

Nas materias de Bioloxía e Xeoloxía de 2º de bacharelato as probas escritas serán segundo o modelo-exame de selectividade, co fin de que o alumno se familiarice con el.

Traballos e tarefas

Valoraranse os seguintes aspectos:

- Presentación e limpeza
- Organización
- Contidos
- Corrección de erros
- Adecuación dos contidos
- No caso de traballo grupal: Reparto da cantidade de traballo
- Presentación e exposición

Cuestionarios/Boletíns de actividades:

Resolución correcta das preguntas ou actividades propostas

Nos traballos en grupo aínda que exista unha valoración final do traballo, a nota dos distintos integrantes poderá variar segundo o seu grao de implicación, participación e interese amosado.

Criterios para o cálculo da cualificación:

Estableceranse as seguintes directrices:

- Existiran **tres avaliacións** ao longo do curso.
- A suba de nota en número enteiro farase a partir do decimal 0,75
- Unha vez rematada a avaliación, farase un exame ou proba de recuperación para os alumnos que non acadaran a nota de suficiente.
- A nota final virá dada pola media ponderada das cualificacións obtidas nas tres avaliacións realizadas ao longo do curso, sempre e cando os valores delas sexan iguais ou superiores a 3. No caso de que a media sexa inferior a 5 consideraremos a avaliación de xuño suspensa.
- Aqueles alumnos que non superaran a materia na avaliación ordinaria de xuño, terán que facer unha proba extraordinaria en xuño.

A cualificación obtida en cada avaliación será calculada tendo en conta os

seguintes puntos de ponderación:

- Probas escritas: realizarase como mínimo dúas probas escritas pro avaliación que serán valoradas cunha puntuación comprendida entre 0 e 10 puntos. A nota deste apartado será a media obtida nas distintas probas, non facéndose media se a nota dalgunha desta probas é inferior a 3 puntos. Valor da ponderación: 90 % agás en Ciencias da Terra que será un 50%.
- Produtos do alumnado: Caderno de laboratorio, boletíns de actividades, cuestionarios, traballos e/ou proxectos de investigación: 10 % de acordo os criterios establecidos nos

instrumentos e procedementos de avaliación coa excepción de, Ciencias da Terra na que suporá un 50 % repartido da seguinte forma: traballo de investigación, traballo de clase e laboratorio e outros raballos incluídos boletíns de actividades, cuestionarios...

A non asistencia a probas a algunha das probas escritas, así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas nos cadernos de clase e laboratorio, traballos e proxecto grupal, debe ser xustificada mediante un xustificante médico ou similar de carácter oficial ou se é o caso, mediante xustificación debidamente razoada e firmada polo/a pai/nai ou titor/a legal. A falta inxustificada a unha proba escrita fará que na mesma o/a alumno/a reciba unha cualificación de 0. A non entrega e/ou exposición debidamente xustificada do caderno de clase, caderno de laboratorio, traballo, proxecto grupal nas datas establecidas fará que no apartado correspondente recibe unha cualificación de 0.

Unha conduta de engano e suplantación de coñecemento, por calquera medio, durante unha proba escrita, na realización de clase, na realización de traballos, caderno de laboratorio ou proxecto grupal suporá a cualificación inmediata de 0 no apartado correspondente.

As probas escritas, unha vez cualificados e vistos polos alumnos, serán arquivados ata fin de curso, co fin de poderen ser consultadas polo propio alumnado ou as persoas que os representen (proxenitores ou titores) se así o solicitaran, ou para facer en calquera momento unha análise e seguimento do desenvolvemento da programación e establecer as correspondentes correccións.

e. Avaliación extraordinaria do alumnado de bacharelato

O alumnado de bacharelato que non supere a materia na avaliación ordinaria de xuño, terá que facer unha nota unha proba extraordinaria en xuño. Esta proba axustarase aos contidos mínimos traballados durante o curso, polo que para a súa superación o alumnado deberá traballar sobre os aspectos vistos na aula. Non entregándose ningún material adicional para a superación desta proba a maiores do xa entregado durante o curso.

Aquelas partes para cuxa superación é necesaria a entrega dun traballo, de estar superadas de forma positiva cunha nota superior ou igual a 5 non deberá presentarse de novo.

De considerarse necesario poderá facilitarse ao alumnado a realización de traballos para complementar a nota do exame da proba extraordinaria de xuño..

8. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O seguimento, recuperación e avaliación do alumnado con materias pendentes será levado a cabo pola Xefe do Departamento da seguinte forma:

- Reunión inicial cos/coas alumnos/as implicados, ao principio de curso, para explicarlles o programa de recuperación das materias pendentes e acordar os contidos e as datas das probas escritas.
- Atención ao alumnado por parte do Xefe do Departamento os xoves en horario de 12,30h a 13,20h para resolver posibles dúbidas e facer a orientación deste alumnado.

Alumnado da ESO con materias pendentes

Contidos:

A materia dividirase en dous bloques de unidades.

Actividades de reforzo:

O alumno con materias pendentes recibirá un boletín de exercicios, cuestionarios e actividades de reforzo. Estes boletíns serán elaborados polo departamento didáctico, e o desenvolvemento deste programa de reforzo corresponderalle ao xefe de departamento.

Actividades de avaliación:

Este alumno levará a cabo durante o curso ademais das actividades de reforzo , dúas probas escritas que se realizarán nos meses de xaneiro e finais de maio. Polo tanto a materia desdobrarase en dous bloques do xeito máis equitativo posible. Si o alumno supera a primeira parte en xaneiro, presentarase só coa segunda parte en maio. De non ser o caso, o alumno terá que presentarse coas dúas partes en maio.

Aquel alumnado que non supere a materia pendente en xuño, terá que presentarse a un exame en xuño.

Criterios de cualificación

Os boletíns de exercicios, cuestionarios e actividades de reforzo aportarán un 20% da nota final. Preténdese con esta medida valorar e premiar o traballo e o interese do alumnado por acadar os obxectivos da materia pendente.

A realización de dúas probas escritas nos meses de xaneiro e maio (a nota media ponderada de ambos).aportará o 80% da nota para os alumnos que presenten as actividades de reforzo, e representará o 100% da nota para os alumnos que non entreguen ditas actividades. Polo tanto si

o alumnado non entrega ningún boletín de exercicios a cualificación final virá dada exclusivamente pola nota dos exames oportunos.

Alumnado de 2º Bacharelato con pendentes de 1º de Bacharelato

Contidos:

A materia dividirase en dous bloques de unidades.

Actividades de avaliación.

Este alumno levará a cabo dúas probas escritas que se realizarán nos meses de xaneiro e finais de maio. Polo tanto a materia desdobarase en dous bloques do xeito máis equitativo posible. Si o alumno supera a primeira parte en xaneiro, presentarase só coa segunda parte en maio. De non ser o caso, o alumno terá que presentarse coas dúas partes en maio.

Aquel alumnado que non supere a materia pendente en xuño, terá que presentarse a un exame extraordinario no mesmo mes.

Criterios de cualificación

As probas escritas serán puntuadas cada unha sobre 10 puntos. Considerase que o alumno/a supera a materia cando a nota media obtida sexa igual ou superior a 5.

9. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS DE 2º BACHARELATO.

O alumnado que opte por cursar Bioloxía ou Xeoloxía, materias condicionadas á superación da Bioloxía e Xeoloxía de primeiro curso, poderá matricularse delas aínda levando a de primeiro como materia pendente, ou acreditando, aínda sen ter cursado e superado a de primeiro, que reúne as condicións para seguir con aproveitamento a materia de curso. Esta acreditación farase mediante unha proba deseñada polo Departamento.

10.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Especialmente nos primeiros cursos da ESO, adoita existir unha elevada diversidade nos grupos, con presenza de alumnado que require apoio, ben por dificultades específicas de aprendizaxe, ben por altas capacidades. Con relativa frecuencia, hai na aula alumnado promocionado pola idade, ou con discapacidade física ou psíquica, ou, estranxeiro, ou de etnia xitana, ou con absentismo escolar, ou alumnado disruptivo...As medidas de desdoblamento de grupos que o centro utiliza, por limitación de recursos humanos atinxen exclusivamente materias instrumentais; rara vez foi posible o desdobre na materia de Bioloxía e Xeoloxía e normalmente só para actividades de laboratorio, desdobre que este curso tampouco se poderá aplicar. Xa que logo, o Departamento aplica medidas ordinarias e normalizadoras como:

- **Traballos con diferente nivel de dificultade en función das capacidades do alumno/a.**
- **Grupos de traballo heteroxéneos que permitan a adquisición de destrezas polo alumnado cun menor nivel de coñecementos ou competencias.**
- **Diferente nivel de esixencia na valoración dos resultados en función das diferentes habilidades iniciais amosadas polo alumnado así como das súas capacidades.**
- **Actividades específicas dirixidas a potenciar o coñecemento en áreas da materia nas que o alumnado amose máis problemas.**

De seren necesarias, aplicaríanse medidas extraordinarias de atención:

- **Adaptacións curriculares.**

Consisten nunha serie de modificacións na estratexia xeral do ensino, de tal xeito se alteran os compoñentes prescritivos do currículo, é dicir, os obxectivos xerais e os contidos de etapa e de área. É unha medida de reforzo educativo e as modificacións curriculares concretaríanse do seguinte xeito:

- **Adaptacións na temporalización da aprendizaxe.**

Consiste en dar máis tempo ao alumnado para traballar certos contidos. Deste xeito inténtase dar resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe. Estas adaptacións poden adoitar diferentes formas:

- a. Alongar o tempo das actividades fundamentais, referidas a un contido, mentres o resto realiza actividades de ampliación ou ben actividades complementarias.
- b. Alongar algunha das fases da secuencia de aprendizaxe dentro dunha unidade didáctica, é dicir, dar máis tempo na fase de iniciación, na de xeralización ou na de reforzo.

- **Adaptacións na metodoloxía da aprendizaxe.**

Na presentación dunha nova unidade didáctica, ou un novo contido:

- a. Realizar actividades iniciais ou de diagnose, que permitan coñecer o punto de partida de cada alumno/a.

- b. Informar ao alumnado dos contidos a tratar, explicando as relacións que hai con outros contidos
- c. Promover a comunicación do alumnado ao redor das cuestións previas, canalizando as preguntas para que poidan ser resoltas
- d. Promover explicacións a diferente nivel de comprensión.
- e. Procurar a aprendizaxe de novos contidos a través de xogos.
- f. Organizar actividades en pequenos grupos compostos por alumnado con diferentes capacidades.
- g. Distribuír o tempo para que, en función dos ritmos de aprendizaxe, o alumnado poida realizar diferente cantidade de actividades.
- h. Fomentar a interacción e cooperación entre o alumnado con diferentes capacidades, intereses e estilos de aprendizaxe.
- i. Facilitar a execución autónoma de tarefas polo alumnado, individualmente o en grupo.

- **Adaptacións nos criterios e instrumentos de avaliación:**

A avaliación debe tomar como punto de referencia os coñecementos e as competencias previas do alumnado ao inicio da secuencia de aprendizaxe, e reflectir o progreso que se produciu dende eles, e non dende o que de maneira xeral se establece para todo o grupo.

- a. Os criterios de avaliación terán en conta o nivel dos contidos traballados por cada alumno para avaliar en función del.
- b. As estratexias e instrumentos a utilizar deben permitir coñecer o grao de aprendizaxe que acadou o alumno, para alén da cualificación.
- c. Os instrumentos de avaliación serán acordes coa axuda recibida na aprendizaxe.

11. **CONTIDOS TRANSVERSAIS**

As unidades didácticas deste proxecto curricular están impregnadas de contidos transversais, algúns dos cales forman tamén parte da programación do Centro como o Proxecto Lector.

A comprensión lectora e a expresión oral e escrita serán comúns a todos os cursos e de especial relevancia na ESO, onde o centro promove a “Hora de ler”.

Lecturas recomendadas para 1º ciclo da ESO:

“De quen é a auga?” e “Vivir no solo” de M^a Pilar Jiménez Aleixandre. Consello da Cultura Galega e Concello de Santiago.

“Guía del Naturalista” de Gerald Durrell.

Lecturas recomendadas para 4º de ESO:

El origen de las especies, Norma - Comics

Capítulos de “ El viaje del Beagle “ de Darwin.

Capítulos de “Que es la evolución” de J.M. Benavente.

“Perigo vexetal” de Ramón Caride

A comunicación audiovisual e as TIC terán especial presenza nos cursos de Bacharelato. En todos os cursos estará presente a educación cívica e constitucional, incluíndo nesta a educación para a igualdade. Ademais, traballaranse outros contidos, como a educación ambiental (especialmente en 1º e 4ºESO e en bacharelato) educación para a saúde (especialmente en PVS, 3ºESO e 1ª Bacharelato) , educación para o consumidor (PVS, 3º ESO e Bacharelato)

Os contidos e a metodoloxía empregada favorecen a educación en valores, tanto a nivel individual (autoestima, afán de superación, espírito crítico, responsabilidade) como a nivel colectivo (cooperación e convivencia, solidariedade, tolerancia, respecto polo diferente...) traballándose amplamente temáticas como: consumo responsable, responsabilidade na conservación dos recursos naturais, igualdade, sensibilización sobre a doazón de órganos, concienciación sobre a desigualdade entre o primeiro mundo e o terceiro mundo, etc.

12.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A valoración efectuarase a través de tres mecanismos:

- Mediante as reunións periódicas do departamento, porase de manifesto o grao de cumprimento da programación, os cambios que se vaian producindo e as súas causas, así como a análise das dificultades atopadas.
- Ao final de cada avaliación os membros do departamento reflexionarán sobre as cualificacións obtidas polos alumnos e nivel de consecución dos obxectivos previstos para ese trimestre e, de ser o caso, suxeriranse medidas de mellora no ámbito metodolóxico.
- Por último, valorarase a programación ao confeccionar a memoria final del curso, onde se verá o grao de eficacia obtido ao aplicar a programación durante todo o curso. É pois, na memoria final, onde se determinarán os aspectos que se consideran positivos e os aspectos que se consideran negativos e, polo tanto, alí explicárase o que hai que modificar ou manter.

En función dos distintos indicadores de logro avaliados ao longo do curso, entre os meses de xullo e setembro realizarase polo departamento as modificacións pertinentes á programación.

ESCALAS DE VALORACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Equivalencia entre as escalas numérica e descritiva:

1: nunca 2: algunha vez 3: a veces 4: case sempre 5: sempre

	1	2	3	4	5
Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.					
Adecuación da secuenciación e da temporalización					
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.					
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades					
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.					
Adecuación da secuencia de traballo na aula.					
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.					
Adecuación do libro de texto					
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.					
Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.					
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.					
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.					
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final					
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.					
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.					
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes					
Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.					
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.					
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.					
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.					
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.					
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.					
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.					
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.					
Grao de contribución aos elementos transversais					
Grao de contribución ás competencias clave					

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

		1	2	3	4	5
Motivación inicial do alumnado	Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade antes de cada unidade					
	Propoño situacións introdutorias previas á unidade que se vai a traballar (traballos, diálogos, lecturas ...)					
Motivación ao longo de todo o proceso	Manteño o interese do alumando partindo as súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada ...					
	Comunico a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, funcionalidade e aplicación real ...					
	Dou información dos progresos así como das dificultades atopadas					
Presentación dos contidos (conceptos, procedementos e actitudes)	Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos					
	Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (mapas conceptuais, esquemas, qué teñen que aprender, o que é mais importante...)					
	Facilito a adquisición de novos contidos a través dos pasos necesarios					
Actividades na aula	Propoño actividades que aseguran a adquisición das aprendizaxes previstas e as habilidades e técnicas instrumentais básicas					
	Propoño aos meus alumnos actividades variadas					
Recursos e organización da aula	Distribúo o tempo adecuadamente: breve tempo de exposición e o resto do mesmo para actividades que os alumnos realizan na clase					
	Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar... etc, controlando o axeitado clima de traballo					
	Emprego recursos didácticos variados					

Instrucións, aclaracións e orientación ás tarefas dos alumnos	Comprobo, de diferentes modos que os alumnos comprenderon a tarefa que deben realizar					
	Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, dou ánimos e asegúrome da participación de todos					
	Controlo frecuentemente o traballo dos alumnos/ as: explicacións adicionais, dando pistas, feedback					
Clima na aula	As relación que establezo cos meus alumnos dentro da aula e as que estes establecen entre si son correctas, fluídas e dende unhas perspectivas non discriminatorias					
	Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa aportación de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.					
	Fomento o respecto e a coloración entre os alumnos e acepto as súas suxerencias e aportacións, tanto para organización das clases, como para as actividades de aprendizaxe					
	Proporciono situacións que facilitan aos alumnos o desenvolvemento da afectividades como parte da súa Educación integral					
Seguimento e control do proceso de ensino aprendizaxe	Reviso e corrijo as actividades propostas					
	Proporciono información ao alumno sobre a execución das tarefas e como pode melloralas e favorezo procesos de autoavaliación e coavaliación					
	Propoño actividades de reforzo e ampliación					
Diversidade	Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos, os seus ritmos de aprendizaxes, a posibilidades de atención, etc, e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino aprendizaxe					
	Coordínome cos outros profesionais para modificar e/ou adaptar os contidos, actividades, metodoloxía, recursos... aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe					

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Proposta de actividades complementarias:

Actividade	Curso	Breve descripción	Data	Custe
Visita ao Museo de Historia Natural da USC (Santiago de C.)	1º ESO	Para alumnos e alumnas de 1º da ESO co fin de complementar o Bloque 3 da programación didáctica	3ª avaliación	Entrada a: 4€/alumno
Aquarium Fisterra (A Coruña)	1º ESO	Visita na que os alumnos contarán cun caderno que lles servirá de guía para descubrir as salas do acuario. Acitividade que complementa o Bloque 3 da programación	3ª avaliación	Entrada a: 4€/alumno
Domus (A Coruña)	3º ESO	Visita na que os alumnos contarán cun caderno que lles servirá de guía para autodescubrir as diferentes salas do museo	3ª avaliación	Entrada a: 2€/alumno
Visita laboratorios medicina Xenómica (CIMUS) (Santiago de C.)	2º BAC (Biología)	Visita aos laboratorios de medicina xenómica do Hospital Clínico de Santiago	2ª-3ª avaliación	
Visita a Meteogalicia (Santiago de C.)	2º BAC (CTMA)		2ª avaliación	
Roteiro xeolóxico	2º BAC (CTMA) 4º ESO 1º BAC (Bio-Xeo)		3ª avaliación	
Participación en actividades para o alumando programadas por entidades ou institucións				

14.ANEXOS

RÚBRICAS PARA A ESO E BACHARELATO

CADERNO	4	3	2	1
PRESENTACIÓN (5 %)	O caderno ten unha moi boa presentación en canto a limpeza e claridade, respéctanse os marxes, a letra é limpa e lexible.	O caderno mostra unha correcta presentación pero falta algún dos elementos anteriores	Faltan dous ou máis dos elementos mencionados	Non se respectan as indicacións ao respecto
ORGANIZACIÓN (5%)	A información está organizada de maneira temporal e está actualizada	Hai algunhas partes que están desordenadas e está bastante actualizado o contido	Hai varias partes que están desordenadas e está pouco actualizado o contido	O caderno está totalmente desorganizado e non está actualizado.
CONTIDOS (80%)	No caderno están todos os contidos traballados na aula, os textos e esquema sinalados para estudar e as actividades terminadas	En xeral están os contidos con algunha ausencia	Falta máis dunha actividade diaria/semanal por realizar ou corrixir	Son frecuentes os exercicios sen facer, ou contidos sen copiar
ERROS (10%)	Os erros están ben sinalados e corrixidos e non repite os mesmos.	Os erros están sinalados e corrixidos. Poucas veces se volven a repetir	A veces sinálanse e corríxense os erros pero vólvense a repetir	Non se sinalan ou corríxense os erros e volve a cometelos

PRÁCTICA DE LABORATORIO

	4	3	2	1
<i>Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados</i>				
DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO 50%	Demostra un moi bo coñecemento do material de laboratorio e do procedemento	Demostra un bo coñecemento do material de laboratorio e do procedemento	Demostra un coñecemento xeral do material de laboratorio e do procedemento.	Falta de coñecemento do material do laboratorio e do procedemento
INFORME DO LABORATORIO/ RESOLUCIÓN DE CUESTIÓNS PROPOSTAS 30 %	Datos ben organizados, resultados precisos exactos e expresados correctamente	Datos ben organizados, resultados precisos, inexactos e expresados con algún erro	Datos organizados, resultados imprecisos, inexactos e expresados con algún erro	Datos desorganizados resultados imprecisos, inexactos e expresados incorrectamente
<i>Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e cuida os instrumentos e o material empregado</i>				
SEGURIDADE NO LABORATORIO 10%	Toma as medidas de seguridade e actúa de maneira consciente	Xeralmente toma as medidas de seguridade necesarias	Non toma ningunha medida de seguridade.	Actúa de maneira imprudente.
LIMPEZA E ORDE 10%	Sempre lava e ordena o material	Xeralmente lava e ordena o material	Necesita que se lle recorde que hai que lavar o material. Deixa o material desordenado	Raramente limpa o material. Deixa o material sucio e desordenado

EXPOSICIÓN ORAL PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

. Utiliza diferentes fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións				
FONTES E BIBLIOGRAFÍA (10%)	A fontes de información son variadas e correctamente sinaladas e a bibliografía está ben en situación e forma	A fontes de información son variadas pero non están correctamente sinaladas e a bibliografía está ben en situación e forma	As fontes de información son pouco variadas e incorrectamente sinaladas, e a bibliografía non está ben en situación e forma	Descoñécense as fontes de información e a bibliografía non está ben en situación, forma ou é inexistente
Deseña pequenos traballos de investigación para a súa presentación e defensa na aula.				
. Expressa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigación, tanto verbalmente como por escrito				
CONTIDO (40%)	A información que contén está relacionada co tema que expón con claridade.	Información suficiente. Relacionase adecuadamente co tema exposto. Moitos puntos están ben desenvolto pero hai un desequilibrio entre eles	Información incompleta	A información que se expón non é clara ou non se relaciona axeitadamente co tema que se expón.
COHERENCIA E ORGANIZACIÓN (10%)	A información está organizada. O tema desenvólvese e especifica claramente	A maior parte da información preséntase nunha secuencia lóxica pero non se destacan tódolos aspectos e ideas claves	Información ordenada pero o desenvolvemento do tema central é vago	A presentación da información é fragmentada e incoherente, non é fluída. O desenvolvemento do tema central é vago. Non hai unha orde lóxica
MATERIAL ADICIONAL (7,5%)	As diapositivas conteñen so as ideas principais, texto breve. Non contén faltas de ortografía. O tema da presentación é axeitado, as letras presentan bo tamaño, contrastan co fondo, non utiliza cores rechamantes	As diapositivas conteñen so as ideas principais. Contén algunhas faltas de ortografía é adecuado pero as letras non teñen bo tamaño, non contrasta co fondo, ou utiliza cores rechamantes	As diapositivas percíbense saturadas de información. Contén varias faltas. O tema da presentación é adecuado pero as letras non teñen bo tamaño, non contrasta co fondo, ou utiliza cores rechamantes	As diapositivas están saturadas de información. Contén moitas faltas de ortografía. O tema de presentación non é o adecuado, as letras son pequena, non contrastan co fondo ou utiliza cores rechamantes
HABILIDADES EXPOSITIVAS (10%)	Articulación pausada, clara. Volume apropiado. Ritmo constante. Boa postura. Contacto visual. Entusiasmo e seguridade e apoiase no material para expoñer	Articulación pausada e clara. Volume apropiado e ritmo constante. Pouco contacto visual. Postura non correcta e escaso apoio no material para expoñer.	Fala con pouca claridade, con mala dicción e murmurando. Pouco contacto visual. Ritmo irregular. Postura inadecuada. Pouca ou ningunha expresividade. Non se apoia no material durante a exposición.	Voz inaudible ou moi alta, mala dicción. Falta de contacto visual. O ritmo de presentación é moi lento ou moi rápido. Non se apoia no material.
DOMINIO DO TEMA (7,5%)	Domina o tema. Non le textualmente o contido mentres expón.	Pouco dominio do tema e le parcialmente o contido mentres expón.	Pouco dominio do tema. Lee o contido mentres expón.	Moi pouco ou ningún dominio do tema. Le todo o contido das diapositivas mentres expón sen agregar ideas novas
DURACIÓN DA EXPOSICIÓN (5%)				
Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo				
(10%)	Mostra actitudes de interese e respecto polas opinión dos seus compañeiros e unha participación activa, cooperativa e autónoma nos traballos en grupo	Mostra unha participación activa, empática e cooperativa de forma progresiva.	Participa adecuadamente de forma habitual nas interaccións, actividades e traballos individuais e/ou en grupo.	Mantén unha participación pasiva ou ten dificultades para expresarse en grupo.

TRABALLO ESCRITO

. Utiliza diferentes fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións				
FONTES E BIBLIOGRAFÍA (10%)	A fontes de información son variadas e correctamente sinaladas e a bibliografía está ben en situación e forma	A fontes de información son variadas pero non están correctamente sinaladas e a bibliografía está ben en situación e forma	As fontes de información son pouco variadas e incorrectamente sinaladas, e a bibliografía non está ben en situación e forma	Descoñécense as fontes de información e a bibliografía non está ben en situación, forma ou é inexistente
. Deseña pequenos traballos de investigación				
. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións				
CONTIDO (60%)	A información que contén está relacionada co tema que expón con claridade.	Información suficiente. Relacionase adecuadamente co tema exposto. Moitos puntos están ben desenvolto pero hai un desequilibrio entre eles	Información incompleta	A información que se expón non é clara ou non se relaciona axeitadamente co tema que se expón.
COHERENCIA E ORGANIZACIÓN (10%)	A información está organizada. O tema desenvólvese e especifica claramente	A maior parte da información preséntase nunha secuencia lóxica pero non se destacan tódolos aspectos e ideas claves	Información ordenada pero o desenvolvemento do tema central é vago	A presentación da información é fragmentada e incoherente, non é fluída. O desenvolvemento do tema central é vago. Non hai unha orde lóxica
PRESENTACIÓN (10%)	Presenta un traballo coa presentación correcta: marxes, títulos resaltados, textos xustificadados (procesador de textos)... e respecta as pautas de presentación indicadas	Axústase bastante as pautas de presentación indicadas	Afástase das pautas indicadas	Non cumpre as pautas indicadas
	Non hai faltas de ortografía	Presenta algunha falta de ortografía	Presenta varias faltas de ortografía	Presenta moitos erros ortográficos
Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo				
(10%)	Mostra actitudes de interese e respecto polas opinións dos seus compañeiros e unha participación activa, cooperativa e autónoma nos traballos en grupo	Mostra unha participación activa, empática e cooperativa de forma progresiva.	Participa adecuadamente de forma habitual nas interaccións, actividades e traballos individuais e/ou en grupo.	Mantén unha participación pasiva ou ten dificultades para expresarse en grupo.

